



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Intervención

Aprobación inicial do listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2025 dos usuarios do servizo de subministración de auga potable, do servizo de rede de saneamento e de depuración de augas residuais

ANUNCIO

O Pleno municipal do Concello de Bergondo, na sesión que tivo lugar o 26 de marzo de 2026, aprobou inicialmente o **listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2025 dos usuarios do servizo de subministración de auga potable, do servizo de rede de saneamento e de depuración de augas residuais** presentado pola concesionaria do servizo, Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U., para dar cumprimento ó que establece o prego de cláusulas económico-administrativas que rexe a correspondente concesión administrativa.

De conformidade có artigo 10º da Ordenanza nº 13 reguladora da prestación patrimonial pública pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento, así como pola prestación do servizo de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, **exponse ó público o dito listado do padrón durante o prazo de 30 días**, que contarán a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*.

As persoas lexitimadas poderán examina-lo expediente nas dependencias da Intervención municipal, durante o período de exposición pública, para que formulen tódalas alegacións que estimen oportunas, que no caso de producirse serán resoltas polo Pleno municipal. No caso de non efectuarse alegacións ou reclamacións o listado do padrón entenderase automaticamente elevado a definitivo.

Bergondo, 27 de marzo de 2026

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez